



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA



AXUDAS TÉCNICAS PARA PERSOAS DEPENDENTES

O Concello de Camariñas abre o prazo para a presentación de solicitudes de **axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e á accesibilidade** (Cama articulada, colchón antiescaras, cadeira de baño, grúa) para persoas que teñan recoñecida unha dependencia de grado III ou II.

Beneficiarios

- Veciños de Camariñas que teñan recoñecido un **grao III ou II** de Dependencia
- Que **non se beneficien de ningún servizo ou axuda** da carta de servizos para persoas dependentes.

Para solicitar esta axuda deberán presentar, no departamento de Servizos Sociais, a seguinte documentación:

- Solicitud.
- DNI.
- Xustificar o grado de dependencia recoñecido.
- Xustificante de ingresos persoais.

Esta axuda concederáse en función dos créditos dispoñibles, por iso non abondará con que o solicitante reúna os requisitos e condicións sinaladas senón que será necesario, ademais, que a súa solicitude poda ser atendida tendo en conta as dotacións presupostarías existentes. O criterio que se seguirá para a concesión ata esgotar a partida destinada a este fin será: puntuación do BVD, situación económica, non haberse beneficiado destas axudas anteriormente. Os beneficiarios deberán asinar un compromiso de devolución.

O prazo remata o vindeiro día 10 de novembro de 2014

Para máis información poden dirixirse ao departamento de Servizos Sociais, situado na casa de pedra.

Lembrámoslles que deben pedir a cita previa persoalmente ou chamando ó teléfono núm. **981 73 70 04**.

Camariñas, 21 de outubro de 2014

O concelleiro de servizos sociais,

Sergio Caamaño Fernández

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante.